

OS RESTOS ROMANOS EXISTENTES NO SOLAR DO PAZO DO BISPO DE OURENSE ANTES DA SÚA CONSTRUCIÓN

Francisco Fariña Busto
Manuel Xusto Rodríguez¹

RESUMO:

Descríbense as evidencias construtivas relacionadas coa romanización previas á edificación do Pazo do Bispo de Ourense -actual sede do Museo Arqueolóxico de Ourense no século XX-, aparecidas nas intervencións realizadas como proceso previo á súa remodelación funcional. Procúrase unha aproximación cronolóxica e interpretación funcional dos diferentes restos descubertos e os vínculos coa inmediata igrexa de San María Nai.

Palabras chave: Ourense. Restos romanos. Necrópole tardorromana e altomedieval. Baptisterio.

ABSTRACT:

In this article we describe the structural remains prior to the building of the palace of the Bishop of Ourense (current location of the Archeological Museum of Ourense) in the twelfth century, appeared during the interventions conducted as a previous process to its functional remodeling. We intend a chronological approach and a functional interpretation of the different remains discovered and the links with the adjacent church of Santa María Nai.

Keywords: Ourense. Roman remains. Late Roman and early medieval necropolis. Baptistry.

O edificio do Pazo do Bispo de Ourense comeza a ser construído no segundo cuarto do século XII a carón da igrexa de Santa María Nai e da Torre *Beati Martini* e dende esa época será unha das referencias urbanas da cidade (FARIÑA, 1994: p.14; FARIÑA, FERNANDEZ e XUSTO, 2009: p.160), pero o seu solar non estaba baldeiro. A tradición local falaba de construcións anteriores (LÓPEZ-CUEVILLAS, 1969) e algúns restos conservados nos seus muros denunciaban a existencia dun asentamento máis antigo (FERRO, 1955). As obras de reforma do Pazo do Bispo para a instalación do Museo e Arquivo nas décadas de 1950 e 1960 aportaron novas e incontestables evidencias (FERRO, 1974: p.201-202) que posteriores intervencións puntuais confirmaron (FARIÑA, 1994: p.24-29) e que coas intervencións arqueolóxicas programadas en relación coa gran reforma do edificio (pendente aínda de execución) son a base deste traballo, que completa así contribucións anteriores máis xerais e centradas na parte construída do edificio medieval e nas súas posteriores reformas e engadidos (XUSTO e FARIÑA, 2007: p.229-250 e FARIÑA, FERNÁNDEZ e XUSTO, 2009: p. 157-186).

O edificio actual ocupa unha mazá do centro urbano de 61 x 53 m. e está construído nunha pendente suave que baixa en socalcos dende as abas de Montealegre ao Barbaña, por riba da depresión

¹ Museo Arqueolóxico de Ourense.

das Burgas. A construción medieval asenta nalgúns puntos directamente no sábreo de base e noutros sobre elementos anteriores, que corta e modifica. Precisamente esa configuración natural do terreo, en pendente máis ou menos suave, sentido este a oeste, caendo cara o río Barbaña e as Burgas, de base granítica alterada (sábreo), mesturada con bolos graníticos, é o que favorece a disposición en terrazas a cotas diferentes das estruturas e a necesidade de recheos de nivelación nalgúns outros puntos, coa conseguinte complexidade estrutural das construcións resultantes que parecen feitas a diferente nivel. Nesas socalcos, a cotas variables e estendidos en sentido norte sur sobre una plataforma máis ou menos ampla, paralela ao Barbaña, e na que se introduce a depresión das Burgas, fóronse establecendo diferentes construcións de época romana, dende o século I d.C., configurando o que había de ser a cidade de Ourense; construcións romanas que no conxunto da actual cidade semellan organizarse en base a 3 áreas ben definidas: a primeira delas correspondería o grupo de estruturas documentadas nas propias Burgas e no Colexio das Xosefinas, cun eixo ortogonal norte-sur perfecto; un segundo grupo parece darse nas construcións documentadas en torno as actuais rúas Cervantes e Vilar nas que predomina o eixo NNE-SSO e finalmente, e a unha cota xa moito mais elevada, estarían as construcións documentadas como preexistencias no solar do museo, cun claro eixo NNO-SSE (FARIÑA E XUSTO, 2008: p.39).

AS PRIMEIRAS EVIDENCIAS

Ademais dalgúns restos reutilizados na fábrica da obra románica, os elementos máis singulares de obras anteriores son as columnas e capiteis presentes na fachada barroca de Santa María Nai, que sustentaron durante tempo o debate sobre a súa procedencia, natureza e datación que resume Carrero (CARRERO, 2005: p.185-191). Nas obras de remodelación da década de 1960, no pórtico aberto ao xardín localizáronse un ara romana, e moitas tégulas así como un conxunto de moedas do século IV (FARIÑA, 1994: p.25-26). O sector removeuse e baleirouse na súa totalidade, como puidemos comprobar posteriormente (campana de 2003), ao seren cruzado polas tubarias de saneamento.

Posteriormente, en 1982, con motivo de obras de drenaxe e eliminación de humidade no interior do salón románico, evidenciáronse outros restos de cronoloxía romana tanto nas gabias perimetrais executadas no xardín –coa localización de moitos fragmentos de tégulas-, como no interior de propio salón, onde unha sondaxe transversal do espazo, ao pé das escadas de acceso á primeira planta, permitiunos descubrir logo dunha capa con material mesturado medieval e romano, unha capa inferior de cor escura, con restos carbonosos, moi revoltos, onde aparecían algúns fragmentos de sigillata –Hispánica 4, Hispánica 27-, tégulas, ladrillos, argamasa de construción e cerámicas comúns, unha delas con bandas pintadas, que, en conxunto ofrecían unha cronoloxía que nos situaba entre o último cuarto do século I d.C e o século IV d.C. (FARIÑA, 1994: p.29).

INTERVENCIÓN NO XARDÍN: DEPÓSITOS ROMANOS CON REVESTIMENTO DE MORTEIRO HIDRÁULICO

No ano 2000 realizouse unha sondaxe no xardín do Museo para avaliar a posibilidade do seu uso como espazo útil para servizos do Museo. No sector oriental da gabiá de sondaxe -realizada na zona meridional do xardín- documentáronse, baixo un potente nivel de derrube de tégulas, os restos de dúas esquinas contiguas correspondentes a dous depósitos o pilas recubertas con morteiro hidráulico de *opus signinum*, separadas entre si por un muro de 45 cm de ancho, mentres que o muro que as delimita polo sur -quizá un muro exterior- sobrepasa lixeiramente o metro de grosor. Os muros de ambos depósitos presentan nas esquinas laterais e da base a característica moldura de cuarto de círculo vinculada a ámbitos de tipo hidráulico polo que a súa funcionalidade ben puidera estar relacionada con procesos de decantación. Os muros, ademais ter a mesma orientación cos relacionados co obradoiro

metalúrxico documentado posteriormente no interior do edificio, presentan tamén una alzada e unas cotas de piso similares, por exemplo, os documentados como preexistencias no corpo de Manrique de Lara: deste xeito mentres que os piso romano nas preexistencias de Manrique de Lara se sitúa entre as cotas 133.62 a 133.78 e o conservado dos seus muros en torno as cotas 134.09 a 134.19, no caso dos do xardín, os pavimentos hidráulicos localízanse entre as cotas 133.38 e 133.55, e o conservado dos seus muros en torno as cotas 133.94 a 134.05. Estaríamos, polo tanto, ante cotas similares ás do ámbito metalúrxico e ante una superficie toda ela case chaira ou con escasa pendente cara o sur, o que nos leva a sospeitar a súa edificación nun mesmo momento construtivo altoimperial, se ben mentres as estruturas localizadas ao norte gardan relación coas artesanías do lume, pola contra as localizadas como preexistencias baixo o xardín parecen gardar relación coas artesanías da auga e/ou dos líquidos, por exemplo cortidurías. Os materiais asociados, depositados sobre o pavimento hidráulico, sitúan, sen embargo, o seu último momento de uso en época tardorromana e entre eles destaca un fragmento cerámico de fondo Terra Sigillata Bracarense Tardía vermella decorada con palmetas e cadrados reticulados, similar a outro fragmento procedente da Lanzada (Pontevedra), cuxo apoxeo de produción se sitúa nos decenios centrais do século V dC (FERNANDEZ, 2013: pp. 140-141 e fig. 78)

INTERVENCIÓNS NO INTERIOR DO EDIFICIO

Facemos seguidamente a descrición, por sectores, das actuacións realizadas nos anos 2002-2003 e 2007 no interior do edificio e que comprenden zonas construídas do mesmo en época diversa, se ben só nos referiremos a aquelas que gardan relación co mundo romano, prescindindo dos niveis de uso e ocupacionais posteriores, que poden verse detallados nos correspondentes informes dos traballos realizados

Así, comezamos polos restos aparecidos nas salas que conforman o “quarto dianteiro” mandado construír polo bispo Muñoz de la Cueva no primeiro terzo do século XVIII, para analizar seguidamente as estruturas documentadas no espazo que corresponde ao que se coñece na documentación como “adeega do bispo”. Finalmente abórdanse os restos descubertos ao carón do paramento sur da igrexa barroca de Santa María Nai onde se documentan evidencias de época tardorromana e altomedieval, fundamentalmente unha estrutura singular á que se asocian tumbas de tégulas de cabalete e que ten continuidade nunha necrópole de tumbas de laxes en arco de paréntese que semellan altomedievais

1. Estrutura maciza de perpiaños do “quarto dianteiro”

Na esquina sueste da entrada barroca o pazo desde a Praza Maior, e no vértice da torre gótica de santa María que coincide co seu adosamento a bodega románica, localízanse, nun nivel de preexistencias ou anterior a construción do pazo románico, os restos dunha construción que cabe vincular ó mundo romano. Trátase do esquinall dunha estrutura de perpiaños dispostos a soga e tizón, que se conserva completa na fiada inferior e de xeito parcial nas fiadas segunda e terceira. Estrutura que, asentada sobre o sábreo rebaixado, presenta o exterior unha labra con apicoado moi fino, moi similar ó doutra fábrica –incluso na cor gris e textura do granito, polo que puideran proceder da mesma canteira– documentada no sector de escavación D06, sobre a que asenta a cimentación barroca de igrexa de Santa María. Doutra banda, a nivel stratigráfico, prolongase cara o sur, introducíndose baixo a cimentación do paramento norte da bodega románica, mentres que cara o leste foi rota pola cimentación do paramento oeste da torre gótica de Santa María. As dimensións do conservado e a súa caracterización maciza puideran gardar relación cunha construción monumental, da que se conservan outros restos no interior da bodega románica, se ben fronte o asento directo sobre o sábreo rebaixado que se da nesta estrutura, estaría o asento sobre un leito de argamasa de cal no caso da estrutura conservada no interior da bodega.

Esta construción monumental, sen embargo, non conserva asociado ningún resto de pavimento, xa que a zona na que se localiza foi especialmente alterada por un gran buraco destinado a extracción

de sábrego, quizá relacionado coa edificación da torre gótica de Santa María e recheo sobre todo con materiais dos séculos XIV e XV. Ao seu pe apareceron pequenos fragmentos de TSH, que tamén formaban parte do revolto que reenchía o buraco do que se sacou sábrego, xunto con cerámicas de uso común de época romana, así como grises de época medieval e outros produtos cerámicos.

2. Construción monumental na “adeга do bispo”

É nesta zona, incluída no que historicamente se coñece como bodega do obispo ou bodega románica, onde se localizan as estruturas romanas escavada a una cota máis baixa -cotas 130.98 a 131.34.- dentro do pazo, asociadas a un nivel de argamasa de cal que serviu de alicerce a unha construción con fábrica de grandes perpiaños de *opus rusticum*, anulada polo piso terreo, e moi compactado polo uso, da bodega románica.

A fabrica con dirección norte-sur, tomada con argamasa de cal e asentada sobre un leito da mesma argamasa conserva cara o seus lado leste –ou interior- e oeste –ou exterior- dous niveis de fiada, localizándose no nivel superior oeste un perpiaño con entalle para o seu izado con tesoiras. Nun terceiro nivel conservase ben visible a cachotería tomada tamén por argamasa de cal que conformaba a alma ou recheo do muro. Esta fábrica forma ángulo con outra tamén de perpiaños con dirección oeste-leste, que sen embargo non asenta sobre leito de argamasa senón sobre un rebaixe feito no sábrego, se ben a argamasa con cuñas está presente nas dúas fiadas inferiores, nas que o seu aspecto non demasiado coidado é similar ó do muro con dirección norte-sur. Unha terceira fiada con perpiaños de dimensión algo menor, labra mais coidada, tamén tomados con argamasa de cal e cuñas, e algo retranqueados cara o interior parecen corresponder a esta mesma fábrica, sobre a que xa, claramente asentan os perpiaños correspondentes o paramento norte da bodega románica, que presentan as características marcas de canteiro.

Estaríamos, pois, ante o esquinall dunha construción de grandes perpiaños que, polo exterior –ou cara o oeste-, recibiría o adosamento de perpiaños moi irregulares para completar a base da cimentación da bodega románica naquel punto onde non se documentaba un nivel de fabrica preexistente. Este vértice, pola súa banda, tería o seu correlato noutro oposto, localizado ó sur da fábrica asentada sobre ese leito de argamasa de cal, polo que de ser así, estaríamos ante as esquinas noroeste e suroeste dunha construción monumental, con 8,5 m. de amplitude interior no seu eixo norte-sur, que podería corresponder a unha torre.

No caso da fabrica con orientación norte-sur ou fábrica oeste, tomada con argamasa de cal, no seu sector norte, o seu grosor na base acadaría os 1,90/2 m, tendo en conta os perpiaños conservados e os negativos na argamasa do encaixe dos perpiaños; negativos da fábrica que son o único elemento conservado dela a partires de 1 m da fábrica románica e que van a continuar así ata preto do paramento sur da bodega románica, onde se conservaría de novo o esquinall SO da construción monumental. Caracterización esta que parece ser o resultado dunha dobre dinámica derivada da construción de dita bodega románica: dunha banda, os paramentos norte e sur desta construción monumental romana, onde se conservaban, serviron de asento dos paramentos norte e sur da bodega románica; por outra, no caso da maior parte da fábrica oeste da construción romana, ó quedar a súa fábrica amortizada por polo piso de la bodega románica, viu como os grandes perpiaños de *opus rusticum* foron levantados da súa posición orixinal, para a súa máis que probable reutilización noutras fábricas –como podería ser o caso dos perpiaños almofadados na barbacana que unía as torres románicas dos Brancos e *Beati Martini* que delimitaban o conxunto episcopal polo leste- de tal xeito que a meirande parte da preexistente fábrica romana oeste só chegou ata nós no seu nivel de argamasa de base, pero conservando os negativos de asento dos perpiaños. Unha parte, pois, dos grandes perpiaños da cimentación da estrutura romana asentada sobre argamasa ou morteiro de *opus caementicium*, reaproveitouse, onde era posible, como cimentación da bodega románica, mentres que a outra, que xa non ia a ter capacidade portante na posterior fábrica románica, amortizouse, quedando so as pegadas en negativo sobre a argamasa de cal, que a su vez podemos asociarlas a fragmentos rotos e soltos de pavimentos escasamente conservados, ós que igualmente habería que vincular materiais soltos, que

poderían enmarcarse entre os séculos II-V dC, se ben os mais antigos puideran vir rodados de estruturas altoimperiais localizadas no inmediato sector leste da bodega románica.

Se ben é certo que a escavación nesta zona parece vincular o paramento oeste e paramento norte –cara o leste e na súa base- a un mesmo momento construtivo –as argamasas de cal semellan reflectir esa contemporaneidade-, conformando así o esquinall dunha construción romana –o mesmo acontecería entre o paramento oeste e o paramento sur da bodega románica-, sen embargo a dúbida desta contemporaneidade –e polo tanto do mesmo esquinall da construción- ven dada polos resultados da intervención arqueolóxica feita en 2007 ó longo do paramento norte da bodega románica e cara o leste, que vimos considerando como correspondente a base dunha construción monumental romana. Neste caso a intervención arqueolóxica de 2007 ponnos de manifesto como os perpiaños de base da fábrica románica, que viñamos vinculando ó mundo romano, asentados sobre unha ampla gabia de cimentación que rompe un nivel de sábrago de base ó cal se asocian algúns restos cerámicos de época romana, fundamentalmente dos séculos II-III d.C., polo que os perpiaños de base cabría relacionalos xa mais ben coa construción do paramento románico norte da bodega; perpiaños que ademais teñen unha semellante caracterización os documentados en 2002 no sector A01, de xeito que o que considerábase terceira fiada desde a base en A01 parece ter continuidade aquí. De ser isto certo, só, pois, o paramento oeste de A01 tería a condición de monumental romano en base a esa amplitude de 1,90-2 m de grosor. Cabería, finalmente, outra interpretación para a base do muro románico da bodega: dado que a construción do muro rompe o nivel de uso romano con materiais dos séculos II-III dC, puidera ser que a base de dito muro tivese una cronoloxía mais tardía, de xeito que a construción monumental de 8,5 m de ancho no eixo norte-sur, fose una construción de cronoloxía baixoimperial ou tardorromana.

Entre os materiais documéntase a presenza de cerámicas comúns, TSH altoimperial, e mais abundantes, fragmentos de TSHT e de terra sigillata africana.

3. Obradoiro metalúrxico na “bodega románica” e baixo a escaleira monumental

Ó leste do estrato romano altoimperial antes citado, coincidindo co sector oriental da bodega románica e baixo o seu pavimento documéntáronse os restos dun forno de foxa de metal con escouras de bronce asociadas, do tipo, por exemplo, dos que coñecemos en *Barcino* (BELTRAN DE HEREDIA, 2013: p.57 e 58; fig 44). O forno, só escavado de xeito moi parcial –condicionado polos límites dunha cata no pavimento románico, nunha zona onde emerxía unha liña de tonalidade roxiña escura con dirección norte-sur-, no seu lado norte foi roto pola gabia de cimentación do paramento norte da bodega románica.

A foxa do forno aparece revestida, no lado oeste, por unha parede de barro cocido de cor vermella intensa debido a acción do lume e conserva unha altura de 60 cm desde o nivel de cinsa da súa base. No escavado da cata non foi posible localizar a parede oposta a conservada, probablemente caída xa dentro da foxa, posto que no seu interior, e sobre o nivel de cinsas, levantáronse numerosos fragmentos de barro cocido similares o da parede oeste, pero cunha clara orientación de caída procedente do leste. Dada a amplitude da foxa en sentido oeste –leste -135 cm-, sen que fose posible localizar aínda a base da parede de barro do lateral leste, como dicimos, maioritariamente caída sobre o nivel de cinsas, é polo que cabe sospeitar que estaríamos ante a cámara de lume da fosa e non ante o corredor ou embocadura de dito forno de fosa.

No recheo da foxa, ademais dos xa citados fragmentos de parede de barro cocido, documéntáronse numerosas escouras de pequeno tamaño de bronce así como fragmentos de crisóis manufacturados con barro refractario.

Todo isto sitúanos ante o que semella un obradoiro metalúrxico, cun característico forno metalúrxico de foxa, de cronoloxía altoimperial, posto que ó seu carón exterior documéntouse TSH de cronoloxía altoimperial; obradoiro, que contextualizado no marco do antigo núcleo romano de Ourense, nos está poñendo de manifesto que dito núcleo, ademais de ter un claro carácter de receptor e consumidor de produtos xa ben documentado desde antigo pola arqueoloxía, tiña, igualmente, unha clara condición de núcleo produtor. Non menos importante é tamén a reflexión que debemos facer sobre a posición

que ditas artesanías do lume viñan tendo con respecto ós núcleos de poboación, localizándose nos contornos máis inmediatos. É por iso que este forno de fosa deste obradoiro metalúrxico probablemente se localizase no *suburbium* que se situaba no sector norte do núcleo romano altoimperial, que co paso do tempo recibiría tamén a presenza de estruturas de habitación.

Vimos falando non só de forno de foxa senón tamén de obradoiro metalúrxico, de probable cronoloxía altoimperial se temos en conta os fragmentos de TSH asociados, e facémolo sinalando ademais que a 7 m ó sueste do forno de foxa –no espazo coñecido como baixo a escaleira barroca ou monumental, e como preexistencia baixo o pavimento de cantos rodados que caracterizaría o andar baixo da panda oeste do pazo románico- detéctanse novas evidencias de actividade metalúrxica e da presenza de lume, como é o caso dun potente nivel de deposición de tégulas, ímbrices e de terra gris con abundante carbonización; nivel no que tamén se documentou un pequeno fragmento de crisol manufacturado con barro refractario que contén aínda no seu interior restos de ouro.

Este nivel con numerosa carbonización relacionase cun muro romano con orientación case norte-sur, cuxo nivel de uso, selado polo derrube de numerosas tégulas, se situaría, en termos xerais e con sentido descendente cara o oeste, entre as cotas 134.18 e 133.82. A ese muro con orientación norte-sur adósase outro con orientación oeste-este pero con lixeira curvatura no seu sector oriental que fai sospeitar da presenza dunha estrutura de deseño periforme, asociada a cal o nivel de carbonización faise máis intenso.

O muro con orientación norte-sur parece formar, a súa vez, ángulo de 90 graos co muro que se localiza, xa dentro da bodega románica, o sueste do forno de foxa, quizá delimitando o seu ámbito. Muro no que o seu nivel de uso, tanto polo seu lado norte como polo seu lado sur, se situaría en torno a cota 133.64 e que a súa vez neste lado sur, presenta desprazada –probablemente polas obras románicas- unha basa de columna que parece indicarnos un ámbito porticado próximo. Ámbito que puidera estruturarse non so en base ós muros xa citados –o do forno de foxa polo norte e o da área do crisol de ouro polo leste- senón tamén en base ó localizado como preexistencia baixo o corpo renacentista do bispo Manrique de Lara – antiga sala de epigrafía da cidade-, posto que este muro, que se asocia a un nivel de uso en torno as cotas 133.62/133.78 –no que, a nivel de cultura material, tamén se documentou imitación de sigillata africana con decoración brunida datable na segunda metade do século IV e no primeiro cuarto do século V-, discorre paralelo o situado ó sur do forno de foxa e perpendicular ó da zona de aparición do crisol con restos de ouro. Parece, en todo caso, que estamos nunha zona destinada a produción/transformación o igual que acontece, como xa vimos, no xardín do pazo onde se documentan tanques con pavimentos hidráulicos.

4. A antigüidade tardía e o simbolismo dos seus restos ao carón da igrexa de Santa María Nai

As actuacións arqueolóxicas no solar do vello bazo do bispo ademais de aportar datos sobre os primeiros séculos de vida do solar no que nacerá Ourense, e sobre actividades de produción ata agora descoñecidas, aportaron tamén singulares evidencias materiais que cabe enmarcar entre a antigüidade tardía e a alta idade media, un período para o que as informacións aínda hoxe están dominadas pola escuridade e, polo tanto, para o que a arqueoloxía ten a obriga de aportar novas percepcións e novas miradas.

A intervención arqueolóxica efectuada nos anos 2003 e 2007 baixo os aposentos barrocos mandados construír polo bispo Muñoz de la Cueva, o carón da igrexa barroca de Santa María e o pé mesmo da porta de acceso o pazo románico, permitiu documentar, como preexistencia anulada polo piso románico de acceso o pazo, o tempo que rota pola tamén fábrica románica da ala oeste do pazo edificado polo bispo Diego Velasco, unha estrutura con morfoloxía en “proa de barco” e con ángulo de 135° ó interior, cun grosor dos seus muros que oscila entre os 75-80 cm, e cun revoco exterior de cal ate a súa cota de piso; cota en relación coa cal se documenta un nivel de enterramento –en torno a cota 134.24- con sepulturas de tégulas dispostas a dobre vertente ou en cabalete, con orientación oeste-este e mesmo adosadas a dita estrutura en “proa de barco”. A cota de piso exterior desta construción polo leste –onde se cavan as tumbas- sitúase 42 cm por debaixo da altura máxima conservada, como ben nos sinala o límite e curvatura

do revoco de cal, mentres que ó interior da construción, o escavado sitúase 1,36 m –cota 133.96- con respecto a cota superior conservada, e 94 cm por baixo da cota do piso exterior –cota 134.90-.

A existencia dunha fábrica con dous laterais unidos en ángulo de 135 ° o interior, no contexto estratigráfico no que se documenta -preexistencia baixo a fábrica románica e asociado a sepulturas tardorromanas de tegulas e a un fragmento de TSHT-, semella corresponder a un elemento de alto valor simbólico para a historia da cidade, dado que, como dicimos, polo conservado, pola súa posición estratigráfica e cotas e polos paralelismos, probablemente debamos interpretar eses dous laterais murarios como os dous lados dun ámbito bautismal vinculado ao mundo tardoantigo. Probable carácter que, a partir do conservado no lado leste e tendo en conta a apertura de ángulo dos dous paramentos, se se fai a súa proxección, nos pon diante dunha planta hexagonal ou, mais probablemente, octogonal. E nese sentido resulta tamén significativo sinalar como se a piscina tivese planta octogonal, ó carón do seu lateral oeste localízanse os restos doutra sepultura de tegulas –en torno á cota 133.85- tan so delimitada no seu lateral sur, posto que a ela superponse nun nivel de enterramento altomedieval conformado por sepulturas en arco de paréntese, a súa vez parcialmente roto pola gabiá de cimentación dunha zapata de formigón correspondente a etapa de reformas de Pons Sorolla durante a década dos sesenta do século pasado. Sepultura de tégulas que, fronte a perfecta orientación oeste-leste que presenta a sepultura localizada no lateral leste deste espazo, neste caso –lateral oeste- a sepultura necesita desviarse lixeiramente cara o SE da canónica orientación oeste-leste precisamente para salvar o vértice dos dous laterais murarios que coincidirían nese punto.

A presenza dunha área bautismal vincúlase ademais a existencia dun bispo, posto que na antigüidade tardía a administración do bautismo estaba reservada de xeito exclusivo os bispos e so se facía unha vez o ano. Estaríamos, pois, ante un elemento singular –baptisterio- do primeiro grupo episcopal da cidade (baptisterio, basílica, aula...) en relación co cal se deberían contextualizar tamén os capiteis tardorromanos reaproveitados da actual igrexa de Santa María ou conservados no Museo Arqueolóxico e que, ata o momento actual e a falta de intervencións arqueolóxicas no interior desta igrexa, son un mais dos razoamentos utilizados para postular a orixe antiga desta igrexa. Igrexa que baixo a cimentación barroca da súa fábrica sur, como xa sinalabamos o comezo deste artigo, presenta o esquinall dunha fábrica de perpiaños conservada nunha única fiada e cunha labra moi fina similar a que se documenta no edificio do museo o pe da intersección entre a bodega románica e a torre gótica de Santa María. Un primeiro núcleo episcopal cristián a partires de evidencias arqueolóxicas que, en síntese, gardaría relación coa existencia real da diocese que parece reflectirse no ano 572 cando ó segundo Concilio de Braga asiste un bispo de Ourense chamado Witimer.

Os restos dunha terceira sepultura de tégulas, tamén con canónica orientación oeste-leste, foron localizados o pé do muro que pecha a bodega do bispo polo leste, sendo cortada pola gabiá de cimentación dese muro, de tal xeito que o proceso de delimitación da sepultura na zona cortada nos deixaba ver ademais como no interior da súa escasa superficie conservada era aínda perceptible a presenza de restos óseos. Foi por iso polo que, de acordo coa Dra Olalla López Costas, se procedeu a súa escavación, ofrecendo no seu interior unha calota craneana completa, pero co frontal moi agretado, e unha escápula esquerda correspondentes a un mesmo individuo de sexo masculino e maior de 20 anos no momento da morte –con case tódalas suturas craneais pechadas o que puidera ser signo de idade media avanzada ou maior de 40 anos- que foi deposto en posición primaria *decubito supino* ou *decubito lateral esquerdo* e polo tanto coa cabeza descansando sobre o lateral esquerdo (LÓPEZ COSTAS, 2007 e 2015). Finalmente debemos sinalar como neste caso a sepultura localizábase na cota 133.89, polo que, se temos en conta as cotas das sepulturas anteriores, estamos ante unha área de enterramento sobre unha superficie basicamente chaira e sen dúbida correspondente a algúns dos poucos privilexiados que poderían enterrarse xunto ou no interior –caso do baptisterio- dos edificios correspondentes o primeiro grupo episcopal da cidade. Superficie de enterramento na que ademais as inhumacións aparecen dispostas nun so nivel e con diferente espazo entre elas. No caso doutras necrópoles de sepulturas de tegulas que coñecemos na cidade, a súa presenza se ben puidera gardar relación coas vías de comunicación, sen embargo para aquelas, como a da Trindade-García Mosquera,

que tiveron unha clara continuidade na etapa altomedieval, tampouco podemos desbotar a hipótese que apareceran vinculadas a *martyria* ou basílicas –sobre as que logo se levaría unha igrexa, e nese sentido descoñecemos se inicial igrexa gótica da Trindade puidera ter eses antecedentes- en canto polos de atracción para os cristiáns que buscaban a protección dos mártires a través das súas reliquias.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Logo deste percorrido descritivo dos restos atopados podemos establecer que as primeiras pegadas de habitación documentadas corresponden a época romana altoimperial, Asemade o núcleo romano, ademais de definirse pola súa amplitude temporal, presentaba, no caso do solar do pazo episcopal, trazas de construcións de certa entidade arquitectónica (así sucede cos negativos de base correspondentes a una construción monumental ou dos restos da construción en “proa de barco”), así como doutras vinculadas a infraestruturas industriais, como e o caso dos fornos metalúrxicos . Sen embargo desa ocupación romana no solar seguimos, en termos xerais, descoñecendo as súas características e é preciso completar os datos illados que ata o presente temos para darlle unha unidade interpretativa e establecer unha relación máis doada cos outros restos documentados noutros sectores do núcleo histórico de Ourense. E certamente, existe aínda a posibilidade de completar a exploración nalgúns dos espazos existentes; de todos xeitos a súa distribución coincide coas liñas xerais definidas para o conxunto do núcleo de poboación romano de Ourense.

Polo que respecta aos restos tardorromanos e altomedievais coidamos necesario proseguir nos traballos de escavación completando a definición dos mesmos no interior dos espazos do Museo e, tamén nun futuro, no solar de Santa María Nai, xa que as suxestións que abren os restos descubertos deberían ter confirmación ou desmentido, en relación co carácter e natureza do recinto descuberto, que propomos identificar como espazo baptisterial.

BIBLIOGRAFIA

- BELTRAN DE HEREDIA BERCERO, J. (2013): *Barcino*, de colònia romana a *sede regia* visigoda, medina islámica i ciutat comtal: una urbs en transformació. *Quarhis. Quaderns d'arqueologia i història de la ciutat de Barcelona*. Època II, nº 9, 2013, pp 57 e 58; fig 44
- CARRERO SANTAMARIA, E. (2005): *Las catedrales de Galicia durante la Edad Media. Claustros y entorno urbano*. Fundación Pedro Barrie de la Maza. A Coruña
- FARIÑA BUSTO, F.: *Pazos, torres e curral do Bispo de Ourense*. Boletín Auriense. Anexo 19. Ourense 1994
- FARIÑA BUSTO, F. e XUSTO RODRÍGUEZ, M. (coord) (2008): *Ourense. A Cidade, da orixe ao século XVI. Catálogo*. Xunta de Galicia. Xunta de Galicia, 2008
- FARIÑA BUSTO, F., FERNÁNDEZ QUINTELA, X.M. e XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2009) : Intervencións arqueolóxicas no edificio do Museo. *Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI. Estudos*. Xunta de Galicia, pp. 157-186
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A. (2013): *O comercio tardoantigo no noroeste peninsular*. Noia, Ed. Toxosoutos
- FERRO COUSELO, J. (1955): Visión urbanística del Ourense antiguo. Diario *La Región*, extra Fiestas de Orense, 6 junio 1955 (Reed. Museo 1988)
- FERRO COUSELO, J. (1974): Guía abreviada del Museo Arqueológico y de Bellas Artes de Ourense. *Boletín Auriense*. IV. p.199-238
- LÓPEZ COSTAS, O.(2017 e 2015).: *Necrópolis romana-medieval del Museo Provincial de Ourense. Ourense. Memoria antropológica de las excavaciones*. Santiago de Compostela 2007 y anexo Informe, Santiago de Compostela 2015. Inéditos
- LOPEZ-CUEVILLAS, F. (1969): *Cousas de Ourense* (artículos publicados en el diario La Región de Orense). Ed. Homenaje a D. Florentino L. Cuevillas. Excmo. Ayuntamiento de Orense, 1969.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. e FARIÑA BUSTO, F. (2007): Intervención nos Paaços, torres e Curral do Bispo d'Ourense, en LOPEZ-MAYÁN NAVARRETE, Mercedes e GALBÁN MALAGON, Carlos J. (coords): *Del documento escrito a la evidencia material. Actas del Ier Encuentro de Arqueología medieval (Santiago de Compostela, 22,23 y 24 de marzo de 2006)*. Eds. Lóstrego, pp. 229-250.




Fig. 1 - Plano xeral do edificio coa distribución dos espazos e dos restos anteriores ao edificio.



Fig. 2 – Depósitos do xardín.



Fig. 3 – Estrutura maciza.



Fig. 4 – Estrutura monumental.



Fig. 5 - Detalle da mesma.



Fig. 6 - Forno.



Fig. 7 - Área metalúrxica.



Fig. 8 – Muros do posible baptisterio e tumbas de tégulas.



Fig. 9 – Necrópole tardorromana e altomedieval.